



novacaixagalicia

presenta

CORAL DE RUADA



Director: **XOÁN ANTÓN VÁZQUEZ CASAS**

O actual Director da CORAL DE RUADA estudou nos Conservatorios de Música de Ourense, Barcelona, Santiago de Compostela (Profesor Superior de Solfexo), Madrid (estudios de dirección de orquestra e coros) e Vigo (Profesor Superior de Composición). É profesor de Fundamentos de Composición no Conservatorio de Ourense dende o ano 1997. Pertence á Asociación Galega de Compositores dende o ano 2002, onde ven estreando obras con regularidade. Ten sido galardoado no concurso de composición coral "Cidade de Vigo" 2001. O seu catálogo compositivo abrangue máis de 200 obras, comprendendo obras sinfónicas, banda, música de cámara, música coral e solista.

PROGRAMA

Foliada marmuradora (Letra tradicional. Música Paulo Nogueira do grupo Treixadura)

Foliadas de Entrimo e Carballeda (Populares)

Foliadas da Rabeda e da Peroxa (Populares)

Foliada do Miño (Popular)

Alalás de Taboadela e Ourense (Populares)

Alalá de Vilanova (José Fdez. Vide)

Alalá de Muxía (Popular. Harm.: M. Fernández Amor)

Pandeirada de Falván (Manuel de Dios)

Pandeirada de Tella (Popular. Transcr.: J. J. Rumbao)

Cantigas de cegos (Recollida de Faustino Santalices)

Trullada "Sardiñas no mare" (Foliada de Carballo) (Popular)

Trullada de Cangas (Popular. Harm.: X. A. Vázquez Casas)

Trullada de Cambados (Popular. Harm.: X. A. Vázquez Casas)

Airiños, airiños, aires (A. Jaunsarás)



Solistas: Cristina Torreiro Sebastián, M^ª. del Pilar Rodríguez Fernández,
Gerardo Gómez Gómez, Alfonso Rapela Sotelo e Raúl Cachaldora Fernández

Grupo instrumental da Coral de Ruada
Subdirector: **Álvaro Iglesias Montes**

CORAL DE RUADA

A Coral de Ruada foi fundada en 1918 polos ourensáns Fabriciano Iglesias, Xabier Prado "Lameiro", Xulio Prieto Nespereira, Virxilio Fernández e Cesáreo Eire. O seu primeiro director foi o mestre Daniel González, con quen visitou América do Sur en 1931 e, con outras Agrupacións Galegas, representou a Galicia na Feira Internacional de Chicago en 1934. Ten actuado na práctica totalidade dos pobos, vilas e cidades de Galicia, nas máis importantes cidades españolas e portuguesas, en Francia —onde participou nos festivais de Lorient (en tres ocasións) e Quimper— e viaxou en tres ocasións a América. Desde a súa fundación ten realizado numerosas gravacións de discos; a última, "Sempre de Ruada", en 2005. En 2006 presentouse o CD "Coro de Ruada: escena coral galega", coa recuperación das primeiras cantigas gravadas nos anos 1929 e 1950. Ademais, dende 1926, ten participado en diversos filmes, videos...

Na súa andaina recibiu moitos galardóns e distincións, destacando entre elas a garabata da bandeira doada pola S.M. D. Alfonso XIII; a Placa de Ouro do Centro Galego de Buenos Aires (1931); a Bandeira do Cello de Ourense (1954); a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense (1984); o Pedrón de Ouro (1990); a Medalla de Galicia (1992); a Medalla de Ouro do Liceo Recreo Ourense e a Medalla de Ouro da Cidade de Ourense (1994); o premio "Manuel Lorenzo" do Real Coro Toxos e Froles do Ferrol (2002); a Medalla de Ouro "Gaiteiro de Soutelo" (2007); o Premio IAR (2008); a Medalla de Ouro "Marcial del Adalid" da Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario" (2009).

Na actualidade centra o seu labor na difusión dos temas folclóricos galegos e polifonía galega e universal nas Sociedades Culturais do País e do estranxeiro. Dende o ano 2002 preside a Xunta de Goberno da Coral Eladio Quevedo Almoína. Compoñen a Coral actualmente 44 voces mixtas e 7 instrumentistas (gaita, percusión, zanfona, piano e órgano) baixo a dirección de Xoán Antón Vázquez Casas.



Concello de Lugo
Concellería de Cultura



5 de xuño de 2011
19.30 horas
CÍRCULO DAS ARTES